

**Beneficios fiscais de oficio con achega de documentación xustificativa**Taxa pola prestación de servizos de
AUGA – SANEAMENTO - LIXOModelo
T48
ANEXO

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

Este impreso será cumprimentado polo obrigado ao pagamento da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo só nos supostos nos que o solicitante considere que procede a aplicación de calquera dos beneficios incluídos neste modelo e o Concello de Santiago non o recoñecera previamente.

- O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- Tamén se pode remitir mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

- Solicitante: O solicitante coincidirá co obrigado ao pagamento e poderá actuar por medio de representante. O solicitante deberá achegar a fotocopia do NIF/CIF/NIE.
- Representante: Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia persoal do obrigado tributario.
- Solicitud e documentación que se presenta: Non é preciso que o solicitante achegue documentación xustificativa, pero debe cumprimentar:
 - Os datos do obxecto tributario para permitir a identificación da zona. Os datos que hai que consignar son os relativos ao ben inmovible vinculado co contrato de subministración e pódense obter no último recibo do imposto sobre ben inmovibles (IBI).
 - Número de contrato: o dato que hai que consignar é o número de contrato coa empresa concesionaria do servizo que aparece no recibo de auga, saneamento e lixo na parte superior dereita despois de "Núm. contrato"

INFORMACIÓN

TIPOS DE SOLICITUDES

Bonificación: Contribuíntes que viven en zonas con **recollida en días laborables alternos**.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de **bonificación** poderán presentarse en calquera momento en relación cos períodos non prescritos.

TRAMITACIÓN

- Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
- O expediente remata por resolución do órgano competente, que se lle notifica ao solicitante no seu domicilio. O prazo máximo para resolver é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA

Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

Ordenanza 3.16, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.